

NORMAS DE AVALIACIÓN, REVISIÓN E RECLAMACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DOS ESTUDOS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO

*Aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013
Modificada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014
Modificada polo Consello de Goberno do 24 de xullo de 2014
Modificada polo Consello de Goberno de 29 de xaneiro de 2015
Modificada polo Consello de Goberno de 28 de setembro de 2016
Modificada polo Consello de Goberno de 29 de xuño de 2017
Modificada polo Consello de Goberno do 30 de marzo de 2023
(Texto consolidado)*

A progresiva adaptación dos estudos oficiais da Universidade da Coruña (UDC) ao EEES, tal e como dispón o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, esixe a actualización da normativa académica para dar cumprida resposta a aqueles elementos dos procesos de ensino-aprendizaxe que a nova ordenación académica pon en valor.

Consonte con este proceso de adaptación do seu marco normativo, a UDC propónse revisar a actual Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións aprobada polo Consello de Goberno o 02/06/2006 para adecualala ás novas circunstancias académicas.

A adaptación dos títulos de grao e mestrado ao EEES ten como un dos seus eixos básicos a avaliación da aprendizaxe e das competencias adquiridas. Esta formulación necesita novos criterios e procedementos de avaliación. Os sistemas de avaliación baseados na avaliación continua e en metodoloxías activas da aprendizaxe achegaron importantes cambios con respecto á situación anterior, na que a avaliación dos estudantes se baseaba case exclusivamente nun exame final de avaliación de coñecementos.

Un cambio desta importancia debe asegurar a adecuada e eficiente avaliación do estudante, considerando as características propias de cada materia, e mantendo ao tempo a necesaria flexibilidade tanto na valoración da asistencia e participación na clase como no número de probas e actividades de avaliación para realizar polos estudantes. Asemade, debe considerar a articulación de mecanismos alternativos para os supostos en que o estudante non puidese, por razóns xustificadas, realizar todas as actividades, e formular, no seu caso, actividades alternativas para aqueles estudantes con dedicación a tempo parcial e que permitan a conciliación dos estudos coa vida laboral e familiar.

A presente normativa ten como finalidade establecer un marco mínimo xeral orientado a garantir o recoñecemento efectivo dos dereitos do estudantado a unha avaliación obxectiva e, sempre que for posible, continua, baseada nunha metodoloxía activa de docencia e aprendizaxe, e a seren informados sobre as normas de avaliación e o procedemento de revisión de cualificacións, de acordo co que establece o artigo 7 do Estatuto do estudante universitario, aprobado polo Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro. Marco xeral que se formula respectando unha ampla marxe de actuación docente para o establecemento das metodoloxías de avaliación que se consideren acaídas ás necesidades e características específicas das materias, e que deixa aberta a posibilidade de que cada centro estableza un marco propio que considere aqueles aspectos necesarios á vista das características dos estudos impartidos nas súas titulacións.

Conforme ao exposto, aprobáronse estas normas de avaliacións e cualificacións para os estudos de grao e mestrado universitario, así como os procedementos de revisión dos resultados das avaliacións e de reclamacións de cualificacións, da Universidade da Coruña.

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto e ámbito de aplicación

1.- As presentes normas teñen como obxecto regular os procesos polos que se avalía a aprendizaxe dos estudantes, e a súa cualificación, así como aspectos verbo da organización docente das facultades e escolas, da realización das probas de avaliación, do sistema e da publicidade das cualificacións e dos seus procedementos de revisión e de reclamación.

2.- Estas normas seranlles de aplicación ás avaliacións que realizaren os estudantes matriculados nas titulacións oficiais de grao e mestrado universitario que se impartan nos distintos centros da Universidade da Coruña.

Nos mestrados interuniversitarios, de ser o caso, estarase ao disposto no correspondente convenio.

Así mesmo, serán de aplicación supletoria para o resto dos estudos na medida en que non contradigan as súas normas ou os seus procedementos.

II. ESTRUTURA DA DOCENCIA

Artigo 2º.- Horario

1.- Cada centro establecerá un horario semanal de actividades académicas que incluírá docencia expositiva, sesións prácticas e demais actividades presenciais programadas.

2.- O horario das actividades académicas de graos e mestrados, así como as datas e os horarios das actividades ou probas de avaliación no período oficial de avaliación, debe ser aprobado pola xunta de centro ou pola comisión académica específica nos títulos interuniversitarios e publicado para cada curso académico, antes do comezo do prazo de matrícula, no taboleiro oficial e na páxina web do centro.

Artigo 3º.- Guías docentes e coordinación da actividade docente

1.- Antes do comezo do prazo de matrícula de cada curso académico, o centro porá á disposición do alumnado na plataforma de Guías da UDC a información das guías docentes aprobadas polos departamentos e a xunta de centro, ou comisións académicas específicas dos títulos en que delegue, no seu caso, correspondentes a cada unha das materias que se imparten nas diferentes titulacións. Esta información, remitida polos departamentos, incluírá como mínimo para cada materia os seguintes datos:

- Profesorado que se vai encargar da súa docencia e que figura no plan de organización docente (POD) aprobado polo consello de departamento. Indicarase, se for o caso, o profesorado responsable desta. Incluírase tamén o profesorado que participa nas distintas actividades planificadas da materia.
- Idioma/s en que se impartirá a docencia.
- Obxectivos, competencias e resultados da aprendizaxe.
- Contidos, planificación, metodoloxías utilizadas, bibliografía e fontes de información básica recomendada.
- Criterios e actividades de avaliación, que necesariamente especificarán as correspondentes á da segunda oportunidade.

2.- Cada centro poderá establecer un marco propio que considere aqueles aspectos, criterios e metodoloxías necesarios e de aplicación xeral a cada un dos títulos impartidos no seu centro.

3.- Os centros encargaranse da coordinación docente dos graos e mestrados e programarán todos os demais aspectos necesarios para o bo desenvolvemento da actividade docente. A xunta de centro poderá delegar esta coordinación na comisión académica do centro, ou ben constituír unha comisión académica específica do título de que se trate.

4.- As guías docentes deberán estar adaptadas as normas sobre linguaxe inclusiva e non sexista.

Artigo 4º.- Titorías

1.- Os horarios de titoría e de atención ao estudiantado, para cada profesor/a, serán publicados na páxina web polos centros na primeira semana de cada cuadrimestre, sen prexuízo de posibles acordos entre o profesor e o estudante interesado para realizalas noutro momento. As modificacións dos horarios de titorías deberán ser autorizadas polo decanato ou pola dirección do centro e deberánlles ser comunicadas aos estudantes con suficiente antelación á realización destas mudanzas.

2.- As titorías realizaranse durante todo o período lectivo que está establecido no calendario académico da UDC. Procurarase que estes horarios garantan unha axeitada atención ao estudante respectando a quenda (mañá/tarde) no centro en que se imparta a docencia do curso.

3.- En situacións acreditadas de maternidade, paternidade ou necesidades de conciliación que impiden a asistencia do/a estudante ao centro, o profesorado deberá facilitar ao alumnado a realización das titorías de modo telemático.

III. AVALIACIÓNS

Artigo 5º.- Responsabilidade do deseño das actividades de avaliación

1.- Corresponde ao profesor ou profesores responsables dunha materia elaborar a proposta de avaliación –criterios, actividades, probas e metodoloxías– que será de aplicación en cada unha das oportunidades de avaliación de cada convocatoria.

2.- A devandita proposta de avaliación terá en consideración as indicacións e as directrices da memoria de verificación do título, da Comisión de Garantía da Calidade, da comisión de coordinación da titulación e da presente normativa, e será aprobada e publicada a través da guía docente da materia.

Artigo 6. Criterios xerais para o deseño das actividades de avaliación

1.- As actividades de avaliación poderán ser deseñadas utilizando diversas metodoloxías, tal e como se recolle no procedemento para a elaboración das guías docentes, xa sexan de carácter oral ou escrito, xa se desenvolvan de forma presencial ou non presencial.

2.- Os criterios, actividades, probas e metodoloxías de avaliación serán coincidentes para os diferentes grupos dunha mesma materia nunha titulación, excepto os casos extraordinarios que estableza o procedemento de elaboración das guías docentes.

Artigo 7º.- Deseño das actividades de avaliación

1.- Con carácter xeral, a avaliación das materias será continua ao longo do curso, sen prexuízo do indicado nas memorias de verificación da titulación. A cualificación final será consecuencia dos resultados globais obtidos en todas as actividades de avaliación. Como norma xeral incluírase unha actividade de avaliación para realizar nas datas establecidas no calendario académico oficial. Esta actividade tamén poderá establecerse como proba global de avaliación dos resultados de aprendizaxe ou, no seu caso, formar parte do proceso de avaliación continua. As guías docentes deberán establecer a ponderación das distintas actividades de avaliación e, no seu caso, da proba global, no marco que o centro puider establecer.

2.- A participación nalgunhas das actividades docentes programadas, como poden ser prácticas clínicas, de laboratorio, ou calquera outras que o profesorado teña recollidas como tales nas respectivas guías docentes, poderán ser obrigatorias, se así se indica na correspondente guía docente, que tamén debe indicar se a súa non realización impide a superación da materia.

3.- Para os estudantes con dedicación a tempo parcial ou de modalidades específicas de aprendizaxe e apoio á diversidade, o profesorado responsable poderá adoptar na guía docente opcións das actividades de avaliación continua e obrigatorias que considere oportunas para que o estudante poida superar a materia. Excepcionalmente, no caso de que o estudante, por razóns debidamente xustificadas, non puidera realizar todas as probas de avaliación continua, o profesor adoptará as medidas que considere oportunas para non prexudicar a súa cualificación.

Artigo 8º.- Dereitos dos estudantes

Sen prexuízo dos dereitos establecidos no Estatuto do Estudantado aprobado polo Claustro da UDC, os estudantes gozarán dos seguintes dereitos:

a) A seren avaliados con garantías de equidade e de xustiza, e mais de acordo co programa que se imparti.

b) A seren avaliados de xeito obxectivo nesa materia, de acordo cos criterios establecidos e publicados nas guías docentes con anterioridade ao comezo do prazo de matrícula. Nas guías docentes deberán figurar os criterios, actividades, probas e metodoloxías de avaliación, que deberán quedar claramente establecidos para cada unha das oportunidades, garantindo o principio de igualdade para superar a avaliación esixida.

c) A que a realización de actividades de avaliación, a entrega dos traballos, das memorias ou das outras actividades realizadas ao longo do período lectivo para a avaliación continua dunha materia non interferiran no normal desenvolvemento da organización docente do resto de materias do mesmo curso establecida polo centro.

d) A que as probas de avaliación, de existiren, se desenvolvan nas mellores condicións posibles de lugar e de tempo. No caso de estudantes con discapacidades, deberáselles facilitar a realización das probas en condicións físicas e de tempo axeitadas ás súas capacidades, sempre e cando así o soliciten coa necesaria antelación á data de realización das probas.

e) A que, para as probas de avaliación escrita, o profesor entregue ao comezo un documento cos enunciados das tarefas ou exercicios.

f) A dispor dos documentos de enunciados en calquera dos idiomas oficiais da UDC, agás naquelas materias que se imparten noutra lingua, cuxa proba se realizará nesta.

g) A obter un xustificante documental asinado polo profesor que acredite que se presentaron á proba de avaliación, se así o solicitaren.

h) En relación coas probas orais, a que estas teñan carácter público e sexan anunciadas previamente xunto as convocatorias oficiais, facéndose públicas as quendas da súa realización antes do inicio destas probas.

Terán dereito tamén a que os profesores que interveñan deixen constancia escrita das cuestións ou tarefas concretas que soliciten (preguntas, exercicios etc.) sinalando os acertos e os erros nas súas respostas durante a proba, ou ben gravando as probas, e a que esta documentación se garde xunto con aqueles esbozos, esquemas ou notas que utilizara, no seu caso, o estudante na súa exposición para que poda poñerse a disposición deste no caso de solicitar a revisión da cualificación outorgada.

i) A que a realización de probas non presenciais se faga a través da plataforma da Universidade da Coruña ou sistemas recoñecidos por esta.

Artigo 9º.- Duración das probas

1.- Cando a duración prevista dunha proba for superior a catro horas dividirase en sesións, entre as que debe transcorrer un período non inferior a 30 minutos, sen que ningunha delas exceda das catro horas.

2.- O decanato ou a dirección do centro poderá, excepcionalmente, autorizar de forma motivada a realización de probas que non se atean a estas limitacións temporais.

Artigo 10º.- Identificación dos estudantes

O profesor ou profesores encargados da realización dunha proba ou actividade de avaliación deberán ter constancia da identidade do alumnado que se presente a esta. Para ese fin, poderá requirir en calquera momento da realización das probas de avaliación a identificación do estudante, quen deberá acreditarla mediante a exhibición da tarxeta de estudante da UDC, o documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente.

Artigo 11º.- Asistencia do profesorado responsable

Na realización das probas estará presente o profesorado responsable da materia, agás nos casos que estivese xustificado ou autorizado para ausentarse. Nestes casos, a persoa que o substitúa será un docente, preferentemente da mesma materia ou da mesma área de coñecemento, que deberá estar debidamente informado sobre a proba a realizar.

Artigo 12º.- Solicitude de realización de probas de avaliación en datas distintas da ordinaria

1.- O estudante terá dereito a realizar as probas de avaliación que a guía docente estableza como de obrigada realización para a superación da materia nunha data distinta da ordinaria marcada no calendario académico cando se xustifique axeitadamente a existencia dalgunha das seguintes causas:

- a) Enfermidade ou lesión que incapacite para a realización da proba.
- b) Embarazo (dende a semana 37ª de xestación ou anteriormente tratándose dun embarazo de risco) e maternidade ou paternidade (ata a semana 6ª dende o parto ou dende a resolución de constitución da adopción ou de garda con fins adoptivos).
- c) Falecemento dun familiar ata o terceiro grao ata catro días antes.
- d) Citación xudicial que coincida coa data da proba.
- e) Asistencia como membro a unha sesión do Claustro, do Consello Social, Consello de Goberno ou de calquera órgano colexiado de goberno da UDC ou de calquera órgano onde se acuda en representación da UDC, que coincida coa data da proba.
- f) Participación en competición deportiva como deportista de alto nivel ou alto rendemento, ou como deportista da UDC participando en competicións de ámbito autonómico ou superior.
- g) Asistencia a unha mobilización estudiantil cando coincida coa realización dunha tarefa ou actividade cuxa inasistencia afecte á cualificación da materia. En todo caso naqueles termos que regulen os órganos de goberno da Universidade.

Quedan expresamente excluídas as probas de avaliación continua que se realicen fóra do período de avaliación establecido polo calendario académico.

2.- A nova data da proba, que en ningún caso será posterior á data límite establecida para a entrega das actas desa oportunidade, fixarase por acordo entre o profesorado e os estudantes; en caso de desacordo, decidirá o decanato ou a dirección do centro, tras seren consultados os estudantes e o profesorado implicado.

- 3.- Entre as datas do acordo e de realización da proba deberá transcorrer un mínimo de dous días.
- 4.- A nova proba terá unhas características en todo similares á realizada na data ordinaria.
- 5.- Calquera outra circunstancia quedará ao criterio do profesor. En caso de conflito decidirá o decanato ou a dirección do centro.

Artigo 13º.- Datas e horarios de realización de probas de avaliación

1.- No período marcado para a avaliación das convocatorias oficiais, tanto na primeira como na segunda oportunidade, realizaranse as probas de avaliación nas datas e nos horarios que foren aprobados e publicados pola xunta de centro con anterioridade ao comezo do prazo de matrícula e conforme ao calendario académico xeral da Universidade.

2.- No caso de imposibilidade sobrevida para a súa realización nas datas e horarios aprobados, o decanato ou a dirección do centro resolverá sobre a realización da proba, que haberá de fixarse, agás por imposibilidade manifesta, dentro do período xeral de avaliacións que estiver establecido, despois de seren escoitadas as persoas representantes do alumnado e o profesorado responsable da materia ou, de ser o caso, o/os departamento/s.

A esta resolución daráselle publicidade no taboleiro oficial, na páxina web do centro e tamén a través das listaxes institucionais do correo electrónico dos estudantes do centro, para o coñecemento dos estudantes afectados, coa antelación suficiente.

3.- Se a realización dunha proba se atrasar (sen aviso previo ao centro) máis de sesenta minutos, ou se a súa realización se vir interrompida sen posibilidade de continuada, os estudantes poderán solicitar que a proba teña lugar nunha data distinta que deberá ser acordada co profesor. Caso de conflito, o decanato ou a dirección do centro decidirá a data de realización, á que se lle dará a oportuna publicidade coa suficiente antelación polas mesmas vías que no punto anterior deste artigo.

4.- Caso de incomparecencia non xustificada do profesor responsable, o decanato ou a dirección do centro requiriralle por escrito a oportuna xustificación, sen prexuízo da posibilidade de apertura de expediente informativo.

Artigo 14º.- Comisión de fraude e responsabilidades disciplinarias

1.- Se durante a realización dunha proba de avaliación os profesores responsables teñen coñecemento da quebra dos principios de decoro, legalidade ou mérito individual tales como o uso de documentos ou instrumentos non permitidos, a copia ou intento de copia dos resultados obtidos por compañeiros, a comunicación entre estudantes ou un comportamento impropio, procederase á expulsión inmediata do estudante da proba de avaliación e redactarase unha acta cos motivos, que se enviará ao decano ou director xunto coas verificacións documentais que estime oportunas para a súa valoración. Todo, sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese proceder de acordo coa cualificación da falta cometida polo alumno infractor.

2.- Queda prohibido o acceso á realización das probas de avaliación con instrumentos electrónicos ou dispositivos móbiles acesos, non expresamente autorizados polo profesorado responsable, o cal será causa suficiente de expulsión da proba, logo de redactar a acta correspondente que se enviará ao centro.

3.- A expulsión dunha proba de avaliación implicará a cualificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia.

4.- Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

Artigo 15º.- Criterios de puntuación e avaliación

1.- No momento de realizar as actividades de avaliación o profesor deberá especificar os criterios de puntuación da proba e a duración desta. Os criterios de avaliación serán coherentes coa metodoloxía de avaliación da guía docente da materia.

2.- O procedemento de avaliación das materias deberá especificar en que condicións o estudante obterá a cualificación que corresponder, de acordo co sistema establecido no artigo 21.1 destas normas ou, se for o caso, a condición de “Non presentado” (NP).

Artigo 16º.- Corrección das actividades de avaliación

As probas, prácticas, memorias e traballos que sirvan para a avaliación continua do estudante deberán ser corrixidos e cualificados ao longo do cuadrimestre, e como mínimo tres días antes da data establecida para o inicio do período de avaliación no calendario académico.

Artigo 17º.- Substitución do profesor e mantemento dos procedementos de avaliación

Sen prexuízo do previsto para este caso nas vixentes normas sobre actas, no caso de substitución do profesor encargado da materia, manteranse ata a finalización do curso académico os seus criterios de avaliación, así como os demais elementos do programa incluídos na guía docente aprobada.

IV. CONVOCATORIAS

Artigo 18º.- Número de convocatorias e oportunidades para as materias

1.- Existirá unha única convocatoria por ano académico para cada unha das materias. O alumnado disporá de dúas oportunidades por cada convocatoria.

2.- O procedemento xeral e as probas e metodoloxías concretas de avaliación que se aplicarán en cada oportunidade para cada materia deberán facerse públicos nas correspondentes guías docentes seguindo o seu procedemento e, no seu caso, as directrices do centro.

3.- A avaliación da primeira oportunidade, tanto para as materias do primeiro e do segundo cuadrimestre, como para as materias anuais, realizarase nas datas que para cada curso se estableceren no calendario académico que aprobe o Consello de Goberno.

4.- Como norma xeral, a avaliación na primeira oportunidade realizarase de forma continua e completarse, de ser o caso, cunha actividade de avaliación que se realizará nas datas establecidas no período sinalado no calendario académico, e que poderá reunir calquera das características que constan no apartado 1 do artigo 7 destas normas.

5.- A segunda oportunidade de avaliación realizarase, para todas as materias do plan de estudos, nas datas establecidas no calendario académico de cada curso e poderán facer uso dela todos os estudantes que non superasen a materia na primeira oportunidade. Nas materias que pola súa natureza se avalíen exclusivamente mediante actividades non recuperables, como pode ser o caso das prácticas en empresas, o prácticum ou as prácticas clínicas, os estudantes só poderán empregar a segunda oportunidade para recuperar outras actividades como a memoria ou os informes finais.

A cualificación dos estudantes na segunda oportunidade axustarase ao previsto na guía docente, e, no seu caso, aos criterios establecidos polo centro para as materias dunha mesma titulación. A guía docente establecerá, de ser posible, actividades alternativas ás obrigatorias no caso de non poder organizarse estas, para garantir a posibilidade de superación da materia na segunda oportunidade.

Artigo 19º. Adianto de oportunidades de avaliación de materias para titulacións adaptadas ao EEES

1.- O alumno de grao e mestrado que non teña pendente máis que a superación de 12 créditos ou dúas materias das que xa estivese matriculado nalgún ano académico ou de 18 créditos correspondentes a prácticas, ademais do TFG ou TFM, para rematar os seus estudos, poderá concorrer a unha oportunidade adiantada de avaliación que se realizará antes da finalización das actividades académicas correspondentes ao 1º cuadrimestre, naquelas datas que se establezan no calendario académico que aprobar o Consello de Goberno.

2.- O alumno que desexe concorrer a esta oportunidade adiantada de avaliación deberá solicitalo coa matrícula ordinaria nos prazos que para esta se estableceren e matricularse de forma obrigatoria en todas as materias que lle resten para finalizar os seus estudos, incluída a matrícula no TFG ou TFM.

Para proceder á defensa do TFG ou do TFM, o alumno deberá ter superados o resto dos créditos do título.

3.- As condicións de avaliación da oportunidade adiantada, se non están especificadas nas respectivas guías docentes, serán as establecidas para a segunda oportunidade.

4.- En ningún caso procederá a matrícula das materias pendentes para presentarse a esta oportunidade adiantada con posterioridade á realización da avaliación desta.

5.- Aquel estudante que non supere a avaliación na oportunidade adiantada, ou non se presente a esta, malia telo solicitado, poderá utilizar como segunda oportunidade, ao seu criterio, tan só unha das establecidas nese mesmo curso académico: a 1ª oportunidade para materias do 1º cuadrimestre ou do 2º cuadrimestre, nas datas que se estableceren no calendario académico que aprrobe o Consello de Goberno, ou a 2ª oportunidade no mes de xullo.

Artigo 20º.- Número de convocatorias e oportunidades para os traballos de fin de grao e de fin de mestrado

1.- As ensinanzas oficiais de grao e mestrado concluirán coa elaboración e defensa pública dun traballo de fin de grao (TFG) ou dun traballo de fin de mestrado (TFM), no que deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia e que suporá a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto. A avaliación dos TFG e TFM estará orientada á verificación das competencias esenciais que outorga o título.

2.- O TFG e o TFM só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao ou Mestrado, agás os correspondentes aos propios TFG ou TFM.

3.- Para súa defensa e avaliación, o estudante disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades en cada curso académico.

Nas titulacións de Grao e nas de Mestrados Universitarios de 60 e de 120 créditos ECTS, a primeira oportunidade de defensa e avaliación dos TFG e dos TFM realizarase nos meses de maio/xuño/xullo. A segunda oportunidade de defensa e avaliación dos TFG e dos TFM realizarase nos meses de xullo/setembro.

Nos programas de simultaneidade de estudos de Grao aprobados polo Consello de Goberno (cuxa estrutura así o requira) e nos Mestrados Universitarios de 90 créditos ECTS, a primeira oportunidade de defensa e avaliación dos TFG e dos TFM realizarase nos meses de xaneiro/febreiro. A segunda oportunidade naquelas datas que estableza cada Facultade/Escola, no segundo cuadrimestre.

En todos os casos, as Facultades/Escolas, respectarán as datas límite que, para a sinatura e entrega de actas, consten no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.

4.- De forma excepcional e sempre que o estudante non teña pendente máis que a superación do TFG ou do TFM para rematar os seus estudos de Grao ou de Mestrado Universitario, poderá defendelo naquelas datas que estableza cada Facultade/Escola, desde o inicio do curso académico ata a data límite de sinatura e entrega de actas de segunda oportunidade que conste no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno; pero respectando sempre o número máximo de dúas oportunidades do que poderá facer uso en cada curso académico.

V. CUALIFICACIÓNS

Artigo 21º.- Sistema de cualificacións

1.- De acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, que establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, os resultados obtidos polo alumno en cada unha das materias do plan de estudos cualificaranse en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa:

- 0 - 4,9: Suspenso (SS)
- 5,0 - 6,9: Aprobado (AP)
- 7,0 - 8,9: Notable (NT)
- 9,0 - 10: Sobresaliente (SB)

A mención de "Matrícula de honra" poderá ser concedida a alumnos que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9.0. O seu número non poderá exceder do cinco por cento dos alumnos matriculados nunha materia no correspondente curso académico, salvo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20. Neste caso poderase conceder unha soa "Matrícula de honra".

Toda vez que, de acordo co establecido no artigo 20 destas normas, os traballos de fin de grao (TFG) e os traballos de fin de mestrado (TFM) supoñen a realización por parte de cada estudante e de forma individual dun proxecto, unha memoria, ou un estudo concreto, exceptúase do límite do número de matrículas de honra para conceder nun curso académico, aquelas que poidan corresponder, por obter unha cualificación igual ou superior a 9,0, aos TFG e aos TFM.

2.- Considerarase como "Non presentado" (NP) aquel estudante que, estando matriculado nunha materia, non concorre ás distintas actividades de avaliación que se establezan para o curso académico.

En ausencia de regulación específica para cada titulación, considerarase que deberá ser cualificado como "Non presentado":

- a) cando non completase o proceso de avaliación continua, nas condicións que figuren na guía docente, ou
- b) cando non se presente á proba do período oficial de avaliación.

3.- Os créditos obtidos por recoñecemento de créditos correspondentes a actividades formativas non integradas no plan de estudos non serán cualificados numericamente nin computarán para efectos de cómputo da media do expediente.

Artigo 22º.- Publicidade das cualificacións

1.- De acordo co disposto no apartado 3 da disposición adicional vixésimo primeira, da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, non será preciso o consentimento dos estudantes para a publicación dos resultados das actividades, traballos e probas relacionadas coa avaliación dos seus coñecementos e competencias nin dos actos que resulten necesarios para a adecuada realización e seguimento da dita avaliación.

2.- A publicación das cualificacións provisionais finais das materias que non teñan proba global de avaliación e reserva de data no calendario oficial de avaliacións deberá ter lugar sete días antes da data final de peche de actas, con indicación igualmente do día fixado para a súa revisión.

3.- Para garantir o dereito a revisión nas probas orais, a nota será comunicada aos dous días lectivos seguintes á súa finalización, e a revisión estará baseada nos datos recollidos na acta e, no seu caso, nas evidencias gravadas, escritas e doutro tipo recollidas na súa realización.

4.- As cualificacións provisionais finais de cada materia deberán facerse públicas, con cando menos tres días hábiles de anterioridade á data máxima que estea fixada para a sinatura das actas da correspondente convocatoria, na secretaría virtual do alumnado e a través do servizo "sms" da mesma. De forma opcional poderán facerse públicas tamén no taboleiro do centro e na plataforma moodle.

VI. REVISIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

Artigo 23º.- Anuncio das datas e períodos de revisión das cualificacións

1.- Xunto coa publicación das cualificacións, no taboleiro oficial do centro, na plataforma de formación e a través do servizo de notificación por SMS, deberá facerse pública a data, o lugar e o horario en que os estudantes terán dereito a revisar as actividades, os traballos e as probas que sirvan para a súa avaliación e a recibiren explicación razoada da cualificación que obtiveron. A data de revisión deberá anunciarse como mínimo tres días antes da súa realización.

2.- O período de revisión establecido deberá garantir que todos os estudantes que o desexaren poidan estar presentes e ver as súas probas. A revisión terá lugar, en todo caso, antes da data límite de entrega de actas.

Artigo 24º.- Asistencia dos profesores encargados da revisión das cualificacións

1.- Agás nos casos que estean debidamente autorizados pola dirección do departamento e do centro a revisión levarase a cabo perante o profesor, o tribunal ou os membros designados por este, que corruxaron a actividade, o traballo ou a proba. Para as materias impartidas por profesorado externo á UDC en títulos interuniversitarios, a revisión poderá realizarse diante do coordinador do título na UDC.

2.- O profesor ou o coordinador poderán solicitar a sinatura do alumno nas actividades que revisou. O alumno que así o desexar poderá solicitar un xustificante de que acudiu á revisión.

Artigo 25º.- Publicación de cualificacións definitivas

Unha vez que finalice o prazo e os trámites de revisión, o profesor ou o tribunal publicarán as cualificacións definitivas nos lugares e medios citados nos artigos anteriores e, no seu caso, comunicaranse a través da Secretaría Virtual.

Artigo 26º.- Extravío do material das actividades de avaliación

Caso de que desapareza o material dunha actividade, traballo ou proba de avaliación antes de finalizar o prazo de revisión, o alumno poderá solicitar a realización dunha nova avaliación nunha data previamente acordada co profesor. De existir conflito, o decanato ou a dirección do centro decidirá a data de realización.

VII. RECLAMACIÓNS

Artigo 27º.- Dereito á reclamación

Os estudantes poderán reclamar contra as cualificacións que obtiveron nas convocatorias oficiais, tanto na primeira como na segunda oportunidade.

Artigo 28º.- Presentación da reclamación do alumno

1.- Unha vez que se realizou a revisión correspondente, se o alumno está desconforme coa cualificación que lle concedeu o profesor ou o tribunal, poderá presentar unha reclamación ante o decanato ou a dirección do centro.

2.- No caso de títulos interuniversitarios, nomeadamente mestrados, presentarase naquel centro da UDC ao que está asignada a súa coordinación.

Artigo 29º.- Prazo e motivación das reclamacións contra as cualificacións de materias

1.- As reclamacións ante o decanato ou a dirección do centro poderán presentarse nun prazo de dez días naturais que contará a partir da data de publicación das cualificacións definitivas correspondentes a calquera oportunidade, e, no seu defecto, ata dez días naturais despois do remate do prazo establecido no calendario académico oficial para a entrega de actas de calquera oportunidade, sen prexuízo do establecido no artigo 31º para as reclamacións sobre as cualificacións dos TFG e TFM.

2.- As reclamacións faranse mediante un escrito que se dirixirá ao decano ou director do centro e presentaranse no rexistro deste. A reclamación deberá motivarse na alegación dalgunhas das seguintes circunstancias, coa indicación das razóns que a xustifican:

- Inadecuación entre os contidos das actividades, dos traballos ou das probas e os previstos na guía docente (art. 3 desta normativa)
- Utilización de procedementos/criterios de avaliación distintos dos establecidos na guía docente da materia (artigo 3 da presente normativa)
- Erros obxectivos na cualificación
- Falta de cumprimento do establecido nos artigos 22 a 23 desta normativa
- Incumprimento dos artigos 8 e 9 desta normativa

3.- Se a reclamación incumprir os requisitos e as condicións especificados neste artigo, a dirección do centro requirirá ao alumno a súa emenda nun prazo de cinco días que se contarán desde a súa notificación; se transcorrido ese prazo non se proceder á emenda, o decanato ou a dirección do centro terá por desistido ao alumno da súa reclamación e notificaralle a resolución mediante a que se declara concluso o procedemento iniciado.

Artigo 30º.- Reclamacións contra cualificacións de materias. Informe do departamento e alegacións do profesor

1.- Nas reclamacións efectuadas contra as cualificacións outorgadas nos estudos de grao e mestrado, dentro dos tres días seguintes á finalización do prazo de reclamacións, agás cando se

requira emenda ao reclamante que será de aplicación o art. 29.3, o decanato ou a dirección do centro solicitará aos departamentos responsables da materia, ou a comisión académica prevista no convenio no caso de mestrados interuniversitarios, un informe sobre a reclamación, e ao profesor responsable da cualificación que se reclama que presente as alegacións que considerar oportunas.

2.- Para a elaboración do informe o departamento nomeará unha comisión, que estará formada por tres profesores de áreas competentes na materia obxecto de reclamación (da área de coñecemento da materia ou, de non ser posible, de áreas afíns) e con fin de garantir a súa especialización poderán ser dos departamentos implicados ou non. No caso dos mestrados o profesor coordinador formará parte da devandita Comisión. En ningún caso poderá participar o profesor responsable da cualificación da materia que se reclama, quen, no entanto, deberá estar informado dos sucesivos trámites.

3.- Para a presentación das alegacións do profesorado implicado, a constitución da comisión e a elaboración do informe do departamento, disporase de sete días contados desde a recepción do pedimento do decanato ou dirección.

O informe deberá ser razoado e técnico utilizando para a súa elaboración criterios académicos e docentes cos que se xustificará o seu resultado final.

4.- Dentro dos cinco días seguintes á recepción do informe do departamento e das alegacións do profesor, o decanato ou a dirección someterá o asunto á Comisión de Asuntos Académicos ou Docentes do centro, que decidirá tendo en conta a reclamación do estudante, as alegacións do profesor e o informe do departamento.

5.- En ningún caso poderán participar na decisión nin o profesor responsable da cualificación nin o estudante recorrente. Deberán tamén absterse se son membros da comisión creada no departamento ou da comisión académica da titulación interuniversitaria, suposto en que serán substituídos por profesores, da mesma área ou área afín, ou, no seu caso, por estudantes, de acordo co previsto no regulamento de réxime interno, por acordo da xunta do centro ou comisión delegada, ou por resolución reitoral, se se tratar da presidencia da comisión.

Artigo 31º.- Prazo e motivación das reclamacións contra as cualificacións nos Traballos de Fin de Grao e nos Traballos de Fin de Mestrado

Os estudantes poderán reclamar a cualificación definitiva asinada polo tribunal (ou no seu caso por quen estea autorizado de maneira excepcional) aos traballos de fin de grao e de mestrado na súa defensa pública.

1.- A reclamación presentarase nun prazo non superior a dous días despois da publicación da cualificación do TFG ou TFM, mediante escrito razoado das causas de reclamación dirixido ao decano ou director do centro e presentarase no rexistro deste. A reclamación deberá motivarse na alegación dalgunhas das seguintes circunstancias, coa indicación das razóns que a xustifican:

- Utilización de procedementos/criterios de avaliación distintos dos establecidos
- Erros obxectivos na cualificación
- Falta de cumprimento do establecido nesta normativa e/ou nas normas dos centros que regulan a presentación e a defensa do TFG ou do TFM.

2.- Se a reclamación incumprir os requisitos e as condicións especificados neste artigo, o decanato ou a dirección do centro requirirá aos alumnos a súa emenda nun prazo de cinco días que se contarán desde a súa notificación; se transcorrido ese prazo non se proceder á emenda, o decanato ou a dirección do centro terá por desistidos aos alumnos da súa reclamación e notificaralles a resolución mediante a que se declara concluso o procedemento iniciado.

3.- Unha vez admitida a trámite a reclamación, o decanato ou a dirección do centro dentro dos tres días seguintes á finalización do prazo de reclamacións, agás cando se requira emenda ao

reclamante, que será de aplicación o previsto no apartado anterior, solicitará un informe individual a cada membro do tribunal (ou no seu caso a quen estea autorizado de maneira excepcional) e someterá o asunto á Comisión de Asuntos Académicos, Docentes ou equivalente do centro.

A Comisión estudará a reclamación xunto cos informes individuais realizados por cada membro do tribunal (ou no seu caso por quen estea autorizado de maneira excepcional) e adoptará unha decisión de forma motivada para cada caso.

4.- Non poderán participar na decisión nin os profesores responsables da cualificación nin os estudantes recorrentes. Deberán tamén absterse se son membros da Comisión, suposto en que serán substituídos por profesores, da mesma área ou área afín, ou, no seu caso, por estudantes de acordo co previsto no regulamento de réxime interno, por acordo da Xunta do centro ou comisión delegada, ou por resolución reitoral, se se tratar da presidencia da comisión.

Artigo 32º.- Resolución do decano ou director do centro sobre as reclamacións presentadas contra cualificacións de materias, do TFG e do TFM

A decisión adoptada pola comisión que corresponder, de acordo co previsto nos artigos 30 e 31 destas normas, é vinculante e notificarase, mediante resolución do decano ou do director do centro, á persoa recorrente e ao profesorado responsable da cualificación no prazo máximo de cinco días desde a data da súa adopción.

Artigo 33º.- Estimación da reclamación

Cando unha reclamación for estimada, o secretario do centro fará constar unha dilixencia na acta coa nova cualificación, o órgano que resolveu e a data da resolución. Esta dilixencia contará co visto e prace do decano ou do director do centro.

Artigo 34º.- Desestimación da reclamación: recursos

Contra a resolución desestimatoria da reclamación poderá interpoñerse un recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes que se contará a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Artigo 35º.- Resolución do reitor: recursos

A resolución do reitor porá fin á vía administrativa. Contra ela, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cabe interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que se estimar procedente.

Artigo 36º.- Custodia do material das actividades de avaliación

1.- Os profesores e, no seu caso, os secretarios dos tribunais, ou quen estea autorizado de maneira excepcional, deberán conservar o material escrito, en soporte papel ou electrónico, das actividades, traballos e probas de avaliación ou, no seu caso, a documentación correspondente das probas orais que se utilizan para a avaliación dos estudantes dun curso académico ata a finalización do seguinte curso académico, agás que o Centro de Documentación e Arquivo (CEDAR) estableza outros prazos na Normativa de custodia, arquivo e destrución documental. Cando o profesor responsable cese a súa vinculación coa UDC a custodia pasará ao profesor ou departamento responsable da materia. No caso de ser o profesor secretario dun tribunal a custodia pasará ao secretario do centro.

2.- Non obstante, aqueles traballos ou memorias que precisen os estudantes e que formasen parte do proceso de avaliación, poderán ser solicitados por estes antes do prazo establecido no apartado anterior a partir de 10 días naturais despois do peche das actas, se non existe reclamación contra a cualificación.

3.- Caso de se interpoñer unha reclamación ou un recurso, o material das actividades, traballos e probas que se utilizaron para a avaliación da persoa que reclama deberán conservarse ata a

resolución do último dos recursos. Neste caso, a persoa encargada da custodia será o secretario do centro.

37.- Prazos

1.- Para os efectos dos prazos sinalados nos artigos 30, 32, 33, 34 e 35, considerarase o mes de agosto como inhábil.

2.- A dirección do centro resolverá outorgar un prazo especial para que o alumno poda adecuar a súa matrícula no caso de que recaia a resolución unha vez rematado o prazo ordinario establecido.

VIII. AVALIACIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS

Artigo 38º.- Avaliación e mellora do rendemento académico

A comisión de garantía de calidade do Centro (CGC) responsable do seguimento académico das titulacións deberá realizar un seguimento anual dos resultados acadados en cada unha das materias do título para estudar como evoluciona o proceso de avaliación dos resultados da aprendizaxe. Tras a análise e o estudo pormenorizado en conxunto da situación, e ouvidas todas as partes afectadas e con responsabilidade directa no asunto, propondrá, no seu caso, medidas correctoras tendentes á mellora do rendemento académico das distintas materias da titulación. Para este fin a CGC realizará necesariamente o estudo nos casos de:

1.- Materias cuxa taxa de éxito académico, entendida como a porcentaxe de estudantes aprobados sobre os presentados, sexa inferior ao 40% no curso anterior.

2.- Materias cuxa taxa de éxito supere o 95% ou a diferenza entre as cualificacións máis alta e máis baixa dos aprobados non exceda de dous puntos.

3.- Materias cuxa taxa de non presentados supere o 30%.

4.- Materias que se afasten da media da titulación nun 20% en ambos os sentidos na taxa de éxito e na taxa de avaliación.

Para este fin os centros utilizarán os datos e taxas de cada materias elaborados polos Servizos Centrais de Estatística Académica.

Artigo 39º.- Datos estatísticos

A UDC poderá facer públicos datos estatísticos dos resultados de avaliación de cada materia por curso académico, que incluírán polo menos o número de estudantes matriculados, presentados e que superaron a materia.

Artigo 40º.- Informe dos resultados de avaliación

Anualmente a CGC do centro en que se adscribe a titulación elaborará e incorporará ao seu informe anual de seguimento da titulación, un informe global por titulación sobre os resultados da avaliación nas diferentes materias. Este informe será analizado igualmente na Comisión de Plans de Estudos e, posteriormente, presentarase ao Consello de Goberno.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.-

Os estudantes terán dereito ao recoñecemento dos traballos elaborados durante os seus estudos e á protección da propiedade intelectual destes.

Non se poderán empregar os traballos orixinais entregados polos estudantes para a súa cualificación, sen a súa autorización expresa, sen prexuízo do disposto no artigo 4 do Regulamento de propiedade industrial e propiedade intelectual da Universidade da Coruña.

Segunda.-

As presentes normas interpretaranse de conformidade co disposto polos Estatutos da Universidade da Coruña o Estatuto dos Estudantes e as restantes normas legais e regulamentarias que sexan de aplicación.

Terceira.-

As facultades e escolas e os departamentos, atendendo ás súas especificidades, poderán regular calquera outro aspecto en tanto que non contraveña o establecido neste regulamento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogada a Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 2 de xuño de 2006, así como aquelas outras disposicións e instrucións da UDC anteriores, que foren contrarias á presente normativa.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes normas, que se publicarán na páxina web da Universidade, entrarán en vigor no curso académico 2013/2014, ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno, agás o que corresponda á adaptación das guías docentes ao previsto nesta normativa.